d) Subministrarlle á Administración, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

e) Cumprir a normativa aplicable ao Feder, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013 e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

f) Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade



Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión, ás comprobacións do artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

g) Comunicarlle á Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

h) Desenvolver as actividades financiadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens. No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida. Isto debe ser obxecto de inscrición no rexistro público correspondente. Esta condición non impedirá a substitución de instalacións ou equipamentos que queden obsoletos, dentro do prazo indicado, debido á rápida evolución da tecnoloxía, sempre que a actividade económica se manteña en Galicia durante ese período.

k) Solicitalle á Axencia Galega de Innovación autorización para realizar aquelas modificacións no desenvolvemento das actuacións aprobadas que estean suxeitas a autorización previa. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable suporá a non admisión das cantidades desviadas.

l) Dar publicidade ás axudas recibidas nos contratos de servizos, así como en calquera outro convenio ou contrato relacionado coa execución da actuación, incluída a subcontratación, e en axudas, publicacións, relatorios, equipamentos, material inventariable e actividades de difusión de resultados financiadas con elas, mencionando expresamente a súa orixe e o cofinanciamento con fondos estruturais da Unión Europea. Ademais, deberán publicar a concesión da axuda na páxina web e mantela actualizada. Na páxina web deberán figurar, como mínimo, os obxectivos e os principais avances. Concretamente, na documentación, carteis, propaganda ou publicacións que se elaboren para a súa difusión pública deberá figurar o logotipo da Axencia Galega de Innovación e a frase «Subvencionado pola



Axencia Galega de Innovación», así como cofinanciado con cargo aos fondos Feder. Así mesmo, deberá informarse que foi apoiado pola Xunta de Galicia.

As instrucións detalladas relativas ás obrigas de publicidade da axuda estarán á disposición na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), na súa epígrafe de axudas.

m) Realizar un evento de difusión á finalización do proxecto para expor os resultados non suxeitos a confidencialidade, así como outras accións de comunicación. Sempre deberá pór de manifesto o apoio do Feder e da Xunta de Galicia.

n) Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, punto 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e atendendo ao sinalado no capítulo II do Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o beneficiario deberá, durante a realización da operación:

1. Recoñecer o apoio do Feder á operación mostrando en todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo o emblema da Unión, así como referencias á Unión Europea, ao Fondo Feder e unha mención a que a operación está financiada como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19. Tamén se incluírá o lema «Unha maneira de facer Europa».

2. Informar o público do apoio obtido do Feder durante a realización do proxecto facendo unha breve descrición na páxina web da entidade beneficiaria, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión. Cando se mencione o Fondo Feder completárase cunha referencia relativa a que se financia como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

3. Colocar durante a execución do proxecto nun lugar visible un cartel informativo, de tamaño A3, para informar o público do apoio obtido. Ademais, no caso de que o proxecto consista na compra dalgún obxecto físico e o custo total subvencionable sexa superior aos 500.000 euros deberá colocarse, nun lugar ben visible para o público, unha placa permanente de tamaño significativo. O cartel informativo e a placa permanente indicarán o nome e o obxectivo principal da operación e elaboraranse de acordo coas características técnicas adoptadas pola Comisión no Regulamento de execución (UE) nº 821/2014, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE)



nº 1302/2013. Pode ademais consultarse a Guía de comunicación do PO Feder Galicia 2014-2020, no seguinte enderezo:

http://www.fondoseuropeos.gal/documents/12405111/20497915/GuiaComunicacion_1420_20170208/0f6734e4-f57-4e6e-bb47-003c30dd21db

4. No caso de persoal de nova contratación, farase mención expresa no contrato ao cofinanciamento Feder no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (obxectivo específico OE OE 20.1.1- OE REACT-UE 1), como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19 e a presente convocatoria.

Para o resto de persoal dedicado ás actividades financiadas, o beneficiario deberá comunicar por escrito ao traballador que parte do seu salario está a ser cofinanciado con fondos Feder no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (obxectivo específico OE OE 20.1.1- OE REACT-UE 1) como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19, e incluírá unha mención expresa ao nome da proposta financiada, a presente convocatoria e a porcentaxe de imputación do seu tempo ás actividades financiadas.

ñ) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta resolución.

o) Conservar os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos e investimentos subvencionables durante un período de 3 anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas anuais en que estean incluídos os gastos da operación (artigo 125.4.d) e 140.1 do Regulamento 1303/2013).

O órgano concedente informará o beneficiario da data de inicio a que se refire esta obriga.

p) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia e a Estratexia galega de hubs de innovación dixital ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación. No marco do Plan de avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na compilación de información acerca dos resultados econó-



micos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias, así como o seu nivel de satisfacción co apoio recibido. Para tales efectos, e por indicación da Axencia Galega de Innovación, durante a execución e ao finalizar da axuda (*ex-post*), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os cales se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+I e os de produtividade do proxecto.

q) Asistir a unha xornada formativa impartida pola Axencia Galega de Innovación sobre as obrigas desta axuda e outros aspectos relacionados cos obxectivos da Axencia, para o cal será convocado expresamente con antelación. Á dita xornada deberá acudir, como mínimo, unha persoa pertencente ao cadro de persoal do beneficiario vinculada ás tarefas de innovación.

r) Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá pór os feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Anti-fraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto:

<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

s) No caso de organismos de investigación, deberá contar cunha contabilidade separada de actividades económicas e non económicas e quedan obrigados a destinar a axuda recibida soamente a actividades non económicas.

t) Calquera outra obriga imposta de maneira expresa aos beneficiarios na resolución de concesión ou no documento en que se establecen as condicións da axuda.

Artigo 28. *Xustificación da subvención*

1. Para ter dereito ao pagamento da axuda deberá presentarse electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, a documentación xustificativa da subvención utilizando os formularios dispoñibles na páxina web da Axencia Galega de Innovación <http://gain.xunta.gal>. No caso de proxectos en cooperación, a entidade líder do proxecto, como representante da agrupación, farao para todos os socios.



2. Prazos de xustificación:

2.1. Períodos de emisión das facturas (realización de gastos) e realización de pagamentos dos gastos executados:

- Primeira anualidade: desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.
- Segunda anualidade: desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 30 de decembro de 2022.
- Terceira anualidade: desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 30 de abril de 2023.

2.2. Prazos de presentación da documentación:

- Primeira anualidade: ata o 31 de marzo de 2022.
- Segunda anualidade: ata o 31 de marzo de 2023.
- Terceira anualidade: ata o 15 de maio de 2023.

Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por se axustaren aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pagamento antes de finalizar o mes en que ao beneficiario lle corresponde liquidar eses gastos.

3. Debe presentarse a documentación económica xustificativa do custo das actividades e a documentación técnica.

As instrucións detalladas e os formularios correspondentes para a presentación da documentación xustificativa estarán dispoñibles na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), e será preciso presentar a documentación de xeito ordenado seguindo a estrutura establecida nas instrucións.

4. Sen prexuízo da documentación indicada nos artigos seguintes, poderá requirirse que se acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

5. Se transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención a entidade non presenta a documentación pertinente segundo o indicado, a Axencia Galega de Inno-



vación requirirá para que no prazo improrrogable de dez días a presente, e advírtelle que a falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito á subvención e a exixencia do reintegro no caso de ter recibido cantidades en concepto de anticipo, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007.

Artigo 29. *Documentación xustificativa económica*

1. Resumo global de execución do proxecto e a documentación que se detalle nos puntos seguintes. No caso de proxectos en colaboración, o líder deberá presentar un resumo global de execución para a totalidade do proxecto e unha carpeta separada por cada un dos membros da agrupación en que conste esta documentación:

a) No caso da liña 1 (IN852D), declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e custos e axudas do marco temporal (anexo XIX). No caso da liña 2 (IN852E), declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e custos e axudas *de minimis* (anexo XX).

Todos os modelos estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> e na páxina web da Axencia Galega de Innovación <http://gain.xunta.gal>. De ser o caso, deberá achegarse unha copia da resolución da concesión desas outras axudas concedidas para a mesma finalidade e custos.

b) Certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, conforme os beneficiarios están ao día nas súas obrigas tributarias, no caso de que se opoñan á súa consulta por parte do órgano xestor.

c) Un resumo da execución do proxecto en que conste o concepto subvencionable, o provedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por conceptos de gasto.

d) De ser o caso, indicación por concepto subvencionable das cantidades inicialmente orzadas e as súas desviacións de forma xustificada.

e) Documentación xustificativa do investimento: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado.



Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia dos documentos orixinais en papel.

f) Documentación xustificativa do pagamento: os pagamentos xustificaranse con orixinais ou copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificadas mediante recibo do provedor nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

Debe terse en conta que, de ser o caso, non deberán achegarse as facturas acreditativas dos custos realizados con anterioridade á data de elixibilidade do gasto, dado que non son financiáveis.

Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura de maneira íntegra, así como o concepto a que se refiren. No caso en que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento.

No caso en que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, xuntarase unha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas ditas facturas. No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario achegar o correspondente extracto bancario xunto coa orde de pagamento da entidade coa relación detallada das facturas.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificadas mediante recibos do provedor nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

Non serán subvencionables partes de gastos que non estean íntegra e correctamente xustificadas consonte o establecido nos parágrafos anteriores.

g) Para a xustificación do custo de persoal destinado ao proxecto deberá achegarse:

1º. Certificación dos custos de persoal emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do representante legal da entidade, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ás actividades do proxecto, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo ao organismo de



investigación/empresa, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e Seguridade Social) segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do proxecto.

2º. Follas mensuais comprensivas da totalidade das horas efectivamente dedicadas ao proxecto subvencionado asinadas por cada traballador/a e a persoa responsable da entidade. Con estas follas xuntarase cun resumo onde conste o número total de horas efectivamente dedicadas ao programa no período subvencionable (total de meses e de traballadores).

3º. Xustificación da comunicación por escrito ao traballador de que parte do seu salario está a ser cofinanciado con fondos Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

4º. Declaración asinada polo responsable de recursos humanos cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do proxecto, xunto cos modelos 111 e os seus correspondentes xustificantes bancarios. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe considerase xustificado coa presentación da citada declaración, e quedan as entidades obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación no prazo máximo de dous meses desde a data límite de xustificación establecida na convocatoria.

5º. Copias das nóminas do persoal dedicado ás actividades do proxecto e copias dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallan os distintos traballadores incluídos.

6º. Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación, as entidades quedarán obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación no prazo máximo de dous meses desde a data límite de xustificación establecida na convocatoria.

7º. Informe de vida laboral referida á data de finalización do prazo de xustificación e que comprenda toda a anualidade. No caso de persoal autónomo, certificado de vida laboral referida á data de finalización do prazo de xustificación.



8º. No caso de persoal de nova contratación, deberá achegarse copia do contrato de traballo en que poida verificarse a exclusividade ao proxecto e o resto dos requisitos exixidos nesta convocatoria, xunto coa certificación da súa titulación académica

9º. Declaración responsable da non participación do persoal dedicado ao proxecto, financiado con cargo ás axudas desta convocatoria, noutras actividades/proxectos financiados con axudas procedentes de calquera Administración pública ou, en caso contrario, declaración responsable de non superar, conxuntamente coa dedicación ao proxecto, a porcentaxe do 100 %, utilizando o modelo (anexo XXI) que está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web da Axencia Galega de Innovación <http://gain.xunta.gal>

h) Cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere a contía de 15.000 euros, o beneficiario deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso da prestación de servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Non será preceptiva a presentación das tres ofertas cando o gasto fose realizado con anterioridade á presentación da solicitude da axuda.

No caso de que un organismo de investigación beneficiario estea suxeito á Lei 9/2017 de contratos do sector público, deberá respectar no que proceda a citada normativa nos procedementos de contratación pública.

i) No caso de equipamento e material instrumental, declaración asinada polo representante legal de cada entidade en que se detalle:

1º. Que o equipamento e material instrumental imputado á subvención non foi adquirido con fondos ou axudas públicas.

2º. De ser o caso, o cadro de amortización de cada equipo calculado sobre a base de boas prácticas contables, así como informe técnico sobre o período de amortización. En todo caso, esta documentación deberá acompañarse dos estados contables da entidade e dos correspondentes documentos xustificativos do gasto e pagamento da compra. A



Axencia Galega de Innovación poderá comprobar a veracidade destes datos accedendo, en calquera momento, aos documentos contables da entidade.

k) No caso de alugamento ou *leasing*, será necesario achegar o contrato, as facturas e os documentos de pagamento das cotas correspondentes ao período de execución do proxecto.

l) No caso das subcontratacións, deberá achegarse a seguinte documentación:

1º. Copia da/s factura/s emitida/s pola entidade subcontratada ao beneficiario en que se especifique claramente o título do proxecto financiado e o contido das actividades do proxecto financiadas.

2º. Xustificante de pagamento da/s factura/s da subcontratación.

3º. Memoria realizada polo subcontratista das súas actividades no proxecto, en que se debe incluír unha relación das persoas que participaron no proxecto, unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas nel e a súa porcentaxe de dedicación ao proxecto.

m) No caso de organismos de investigación suxeitos á Lei 9/2017 de contratos do sector público, deberá achegarse certificación expedida pola secretaría do organismo en que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública e na cal se faga referencia á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención.

2. Debido ás dificultades con que se están a encontrar nos rexistros da Xunta de Galicia para poder autenticar grandes volumes de documentación nos prazos exixidos dados os medios materiais e persoais de que dispoñen, será suficiente que nos prazos establecidos polas bases reguladoras se presente a través da sede electrónica toda a documentación exixida, xunto cunha declaración responsable sobre a súa autenticidade, sen prexuízo de que posteriormente se requira aquela documentación que non estea autenticada.

Artigo 30. *Documentación xustificativa técnica*

1. A documentación xustificativa técnica das actividades desenvolvidas constará de:

a) Informe técnico normalizado, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Axencia Galega de Innovación.

b) Memoria redactada en formato libre sobre a evolución do proxecto, na cal deberá incluírse a xustificación do cumprimento das normas de publicidade do artigo 27.



c) Documentación xustificativa (documentación gráfica, fotografías ou calquera outro soporte probatorio) do cumprimento das obrigas de publicidade previstas nesta convocatoria, de conformidade co Regulamento (UE) nº 1303/2013 e co Regulamento de execución (UE) nº 821/2014.

Tanto o informe técnico como a memoria deberán presentarse en formato PDF e en soporte electrónico.

No caso de proxectos en colaboración, esta documentación técnica será única para todos os membros da agrupación e responsabilidade do líder.

Artigo 31. *Pagamento*

1. O pagamento farase efectivo, para cada anualidade, unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución do proxecto.

2. No caso de proxectos en colaboración, o pagamento efectuarase a cada un dos membros da agrupación que participan no proxecto.

3. Poderán realizarse pagamentos anticipados e á conta das subvencións recollidas nesta resolución. De acordo co estipulado no artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e logo da autorización do Consello da Xunta de Galicia, estes pagamentos poderán superar o 80 % da axuda concedida.

Estes pagamentos están exentos da presentación de garantías de acordo co establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, conforme á autorización do Consello da Xunta de Galicia.

4. Pagamentos anticipados:

Para a realización de pagamentos anticipados, a entidade beneficiaria deberá presentar solicitude motivada.

De acordo co establecido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, conforme a autorización do Consello da Xunta de Galicia, os pagamentos anticipados axustaranse ás seguintes condicións:

a) Para os proxectos que rematen nos anos 2021 e 2022, os pagamentos anticipados acadarán o 100 % da subvención concedida, é dicir, aboaranse integramente de forma anticipada as anualidades correspondentes.



b) Para os proxectos que rematen no ano 2023, as anualidades 2021 e 2022 pagaranse de forma anticipada. Para a anualidade 2023 poderán realizarse pagamentos anticipados e pagamentos á conta sempre que estes pagamentos xunto cos realizados nas anualidades anteriores non superen o 80 % da subvención concedida.

En ambos os casos, os anticipos non poderán superar o importe da anualidade correspondente.

5. Rematado o proxecto, a Axencia Galega de Innovación comprobará, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, a xustificación adecuada da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención, e é obrigatoria a realización dunha actividade de inspección por parte da Axencia Galega de Innovación a todos as entidades/membros da agrupación. Logo desta visita, efectuarase unha avaliación do proxecto presentado e valorado na solicitude, e emitirase un informe en que se indique o grao de cumprimento e se foi:

a) Excelente.

b) Positivo.

c) Negativo se non se conseguen as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do proxecto inicial por un baixo desempeño ou deficiente organización. Neste caso, no caso de proxectos en colaboración deberá cuantificarse a porcentaxe de incumprimento de cada entidade participante da agrupación.

Se pola situación excepcional creada pola epidemia da COVID-19 non é oportuno realizar a inspección *in situ*, transitoriamente poderá substituírse pola entrega de xustificación documental en que se constate, de forma razoable e suficiente, a realización da actividade subvencionada, e no caso de activos tanxibles polo envío de materiais fotográficos por parte do beneficiario, de modo que se poida comprobar o correcto funcionamento destes e as súas características, número de serie e o cumprimento dos requisitos de publicidade da normativa Feder, sen prexuízo de que posteriormente, cando sexa posible, se efectúe a dita inspección».

Artigo 32. *Garantías*

No caso de pagamentos á conta ou anticipos, non se precisará a presentación de garantías de acordo co disposto nos artigos 65.4 e 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xa-



neiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 33. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. É causa de perda do dereito ao cobramento da subvención o incumprimento do beneficiario da súa obriga de estar ao día nas súas obrigas coa Facenda estatal e autonómica, e coa Seguridade Social.

2. Así mesmo, son causas de perda do dereito ao cobramento da subvención as previstas como causas de reintegro se non se tivese aboada a axuda.

3. O procedemento para declarar a perda do dereito ao cobramento da subvención é o establecido para o reintegro.

Artigo 34. Causas de reintegro

A entidade beneficiaria deberá cumprir cos obxectivos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da axuda, así como cos compromisos asumidos durante o tempo de duración da axuda. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento e/ou, de ser o caso, procederá ao reintegro da subvención.

Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención e aos xuros de demora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei e no Decreto 11/2009.

Son causas de reintegro as seguintes:

a) O falseamento, inexactitude ou omisión dos datos fornecidos polo beneficiario que servisen de base para a concesión da axuda, ou a ocultación daqueles datos cal a impedisen.

b) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, tarefas, compromisos ou condicións do proxecto inicial ou da finalidade para a cal a axuda foi concedida.

c) O incumprimento da obriga de xustificación, xustificación insuficiente, xustificación fóra do prazo establecido, falsidade, terxiversación ou ocultación nos datos ou documentos



que serven de base para xustificar os investimentos subvencionables, ou outras obrigas impostas na resolución de concesión da axuda.

d) O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 30 desta resolución.

e) No caso de organismos de investigación, o incumprimento das obrigas de:

- Non destinar a axuda recibida ao financiamento de actividades de natureza económica.
- No caso en que leve, a cabo tanto actividades económicas como non económicas, non contabilizar por separado o financiamento, os custos e os ingresos das ditas actividades.
- Dotar as empresas que poidan exercer influencia decisiva, en calidade de accionistas ou membros, de acceso preferente aos resultados que se xeren.

f) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

g) A obtención de financiamento de distintas procedencias ou concorrencia de subvencións por riba do custo das actividades subvencionadas.

h) Calquera das demais causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007.

Artigo 35. *Gradación dos incumprimentos*

1. O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do proxecto ou da obriga de xustificación, será causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

En particular, consideraranse incumpridos os obxectivos da axuda cando non se xustifique polo menos o 60 % dos custos previstos no proxecto.



2. O incumprimento parcial dos obxectivos ou a non execución de actividades concretas do proxecto darán lugar á perda parcial do dereito ao cobramento da subvención nas porcentaxes que se determinen nos parágrafos seguintes ou, de ser o caso, ao reintegro parcial da subvención.

O alcance do incumprimento determinarase en proporción ao investimento deixado de practicar ou practicado indebidamente, e minorarase a subvención proporcionalmente.

3. Nos seguintes casos de incumprimento reducirase a intensidade da axuda do seguinte xeito:

a) Se se incumprise a obriga de dar publicidade do financiamento do proxecto, consonte o establecido nesta resolución, ou a obriga de comunicar a obtención doutras axudas para o mesmo proxecto, aplicarase un factor de corrección do 0,95.

b) Se se incumprisen as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do proxecto, dando lugar a un informe final negativo, o incumprimento valorarase en función deste e suporá a aplicación dun factor de corrección igual á porcentaxe de incumprimento sinalada no informe técnico.

A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á apreciación conxunta destas, aplicando á intensidade da axuda o factor que resulte do produto de todos os factores de corrección. No caso de que algún dos factores de corrección sexa negativo, a intensidade da axuda será cero.

A aplicación do factor de corrección realizarase coa revisión da xustificación da última anualidade e, de ser o caso, requirirase a entidade beneficiaria para que devolva os fondos percibidos indebidamente. A falta de devolución destes nos prazos requiridos dará lugar á incoación do expediente de reintegro, nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009.

No caso das condicións que constitúan obrigas que o beneficiario debe acreditar na fase de xustificación (obrigas de publicidade, comunicación doutras axudas, etc.), estas deberán xustificarse en todo caso para proceder ao pagamento da subvención, polo que a gradación fixada neste punto soamente resultará aplicable para supostos de reintegro, no caso de que se detecten en controis posteriores ao pagamento por algún incumprimento relativo a estas obrigas.



Artigo 36. Procedemento de reintegro

1. Se aboada parte ou a totalidade da axuda acaecesen os motivos que se indican no artigo 34 desta resolución, incoarase o correspondente expediente de reintegro, o cal se tramitará conforme o previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007.

2. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento de pagamento da axuda ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

3. O procedemento de reintegro de subvencións iniciárase de oficio por acordo do órgano concedente destas e comunicáraselle ao beneficiario a iniciación do procedemento de declaración de perda do dereito, ou de reintegro, e as causas que o fundamentan, seguindo o procedemento establecido para o reintegro nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, e 77 e seguintes do Decreto 11/2009.

4. A resolución do procedemento de reintegro porá fin á vía administrativa.

5. Sen prexuízo do anterior, aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007 e no título VI do Decreto 11/2009.

Artigo 37. Prescrición

1. O dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro prescribirá aos catro anos.

2. Este prazo computarase, en cada caso:

a) Desde o momento en que venceu o prazo para presentar a xustificación por parte do beneficiario.

b) Desde o momento da concesión, no suposto previsto no punto 9 do artigo 28 da Lei 9/2007.

c) No suposto de que se establecesen condicións ou obrigas que debesen ser cumpridas ou mantidas por parte do beneficiario ou da entidade colaboradora durante un período determinado de tempo, desde o momento en que venceu o dito prazo.



3. O cómputo do prazo de prescripción interromperase:

a) Por calquera acción da Administración realizada con coñecemento formal do beneficiario ou da entidade colaboradora que conduza a determinar a existencia dalgunha das causas de reintegro.

b) Pola interposición de recursos de calquera clase, pola remisión do tanto de culpa á xurisdición penal ou pola presentación de denuncia ante o Ministerio Fiscal, así como polas actuacións realizadas con coñecemento formal do beneficiario ou da entidade colaboradora no curso dos ditos recursos.

c) Por calquera actuación fidedigna do beneficiario ou da entidade colaboradora conducente á liquidación da subvención ou do reintegro.

Artigo 38. *Control*

1. A Axencia Galega de Innovación poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxectivo das subvencións.

2. A Axencia Galega de Innovación, polos medios que considere, poderá realizar en calquera momento aos beneficiarios as visitas, comprobacións e solicitudes de aclaracións que considere necesarias para o correcto desenvolvemento das actuacións financiadas, así como para acreditar o cumprimento das medidas de publicidade de orixe dos fondos. Se se constata unha incorrecta utilización dos fondos ou desvío dos obxectivos, propórase o reintegro da subvención concedida.

3. Así mesmo, no caso de axudas plurianuais, a Axencia Galega de Innovación poderá convocar anualmente os beneficiarios a unha entrevista para coñecer a planificación das actividades en curso e valorar a consecución dos obxectivos e resultados do ano anterior.

4. Previamente ao pagamento final da subvención, será obrigatorio realizar unha actividade de inspección por parte da Axencia Galega de Innovación. Ademais desta actividade final de inspección, a axencia, no marco do seu plan anual de inspección, poderá realizar as visitas e comprobacións iniciais, intermedias e finais que considere convenientes.

5. Conforme o sinalado no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento pola Axencia Galega de Innovación e quedará



constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración como polo beneficiario.

6. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercidos pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión do programa operativo Feder, así como ás verificacións do artigo 125.5 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 39. *Normativa aplicable*

As axudas obxecto desta convocatoria réxense polas normas comunitarias aplicables por razón do cofinanciamento pola Unión Europea e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas. En particular, seralles de aplicación a seguinte normativa comunitaria:

a) Marco nacional temporal relativo ás medidas de axuda para a contención sanitaria da COVID-19, a través do apoio á I+D, ao desenvolvemento de infraestruturas de ensaio e ampliación de escala e á fabricación de produtos e materiais médicos necesarios, así como axudas urxentes en forma de aprazamento do pagamento de impostos e cotizacións á Seguridade Social e subsidios salariais para empregados para evitar reducións de cadro de persoal no contexto do actual gromo de COVID-19, aprobado pola Comisión Europea na súa Decisión SA.56851 (2020/N), do 24 de abril, e modificado polas decisións SA.57019, SA.58778, SA.59196, SA.60136, SA.59723 (2020/N) e SA.61875 (en diante, marco temporal nacional).

b) Regulamento 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*.

c) Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca,



e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

d) Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.

e) Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

f) Orden HAC/114/2021, de 5 de febreiro, pola que se modifica a Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

g) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e de xeito supletorio a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

h) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

i) A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

k) Regulamento (UE) nº 2020/460 do Parlamento e o Consello, do 30 de marzo de 2020, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013 e (UE) nº 508/2014, no relativo a medidas específicas para mobilizar investimentos nos sistemas de atención sanitaria dos Estados membros e noutros sectores das súas economías, en resposta ao brote de COVID-19 (Iniciativa de investimento en resposta ao coronavirus).

l) Regulamento (UE) nº 2020/558 do Parlamento e o Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1301/2013 e (UE) nº 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para ofrecer unha flexibilidade excepcional no uso dos fondos estruturais e de investimento europeos en resposta ao brote de COVID-19.



m) Regulamento (UE) nº 2020/2221, que establecía as normas e disposicións de execución referentes aos recursos adicionais achegados en calidade de axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-UE), co fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía.

Artigo 40. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Disposición adicional. *Medidas antifraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitado para o efecto:

<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a directora da Axencia Galega de Innovación para que leve a cabo as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación




ANEXO I

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO EXPERIMENTAL RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 1	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO IN852D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL							NIF
<input type="text"/>							<input type="text"/>
TIPO	NOMBRE DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
DATA DE CONSTITUCIÓN	SECTOR	CNAE DA ACTIVIDADE PRINCIPAL					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
ACRÓNIMO		TIPO DE ENTIDADE					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO DE PODER DO REPRESENTANTE			
<input type="text"/>			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data , de de



Axencia Galega de Innovación




ANEXO XIV
COMPROBACIÓN DE DATOS DO EQUIPO INVESTIGADOR

- IN852D - SUBVENCIONS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO EXPERIMENTAL RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 1
 IN852E - SUBVENCIONS PARA PROXECTOS DE INNOVACIÓN EN PRODUTO RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 2

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS PERSONA INVESTIGADORA	NIF	COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SIGNATURA
			OPÓNOME Á CONSULTA	
		DNI/NIE DO INVESTIGADOR	<input type="checkbox"/>	
		TÍTULOS OFICIAIS NON UNIVERSITARIOS	<input type="checkbox"/>	
		TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS	<input type="checkbox"/>	
		DNI/NIE DO INVESTIGADOR	<input type="checkbox"/>	
		TÍTULOS OFICIAIS NON UNIVERSITARIOS	<input type="checkbox"/>	
		TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS	<input type="checkbox"/>	
		DNI/NIE DO INVESTIGADOR	<input type="checkbox"/>	
		TÍTULOS OFICIAIS NON UNIVERSITARIOS	<input type="checkbox"/>	
		TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS	<input type="checkbox"/>	
		DNI/NIE DO INVESTIGADOR	<input type="checkbox"/>	
		TÍTULOS OFICIAIS NON UNIVERSITARIOS	<input type="checkbox"/>	
		TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS	<input type="checkbox"/>	


Se no recadro anterior o espazo non é suficiente, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Axencia Galega de Innovación.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias. A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data

, de de



Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: j2djs416-bpx5-3w33-xls6-yv7zxh3dch99




ANEXO XV
DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á CONDICIÓ DE PEME

- IN852D - SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO EXPERIMENTAL RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 1
 IN852E - SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS DE INNOVACIÓN EN PRODUTO RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 2

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

Que a empresa cumpre cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, e encádrase nunha das seguintes categorías:

MICROEMPRESA (ocupa menos de 10 persoas e o seu volume de negocios anual ou o seu balance xeral anual non supera os 2 de millóns de euros).
 PEQUENA EMPRESA (ocupa menos de 50 persoas e o seu volume de negocios anual ou o seu balance xeral anual non supera os 10 de millóns de euros).
 MEDIANA EMPRESA (ocupa máis de 50 persoas e o seu volume de negocios anual ou o seu balance xeral supera os 10 millóns de euros; non pode superar o límite máximo de 250 persoas, volume de negocio anual superior a 50 millóns de euros ou balance xeral anual non superior os 43 millóns e euros).

Os datos para determinar esta categoría de empresa, calculados segundo o artigo 2 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, son os seguintes:

PERÍODO DE REFERENCIA	PERÍODO DE REFERENCIA	EFFECTIVOS (UTA)	HOMES	MULLERES	VOLUME DE NEGOCIOS	BALANCE XERAL
Último exercicio ¹						
Exercicio anterior ²						

OUTROS DATOS

ANO DE CONSTITUCIÓN	DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE	SITUACIÓN DA EMPRESA SEGUNDO VINCULACIÓN	GRUPO EMPRESARIAL (se é o caso)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

- Estes datos deberán corresponder ao último exercicio contable pechado e calcularanse con carácter anual. En empresas de nova creación que non pechasen aínda as súas contas utilizaranse datos baseados en estimacións fiables realizadas durante o exercicio financeiro
- Datos do exercicio contable inmediatamente anterior ao último pechado



Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: j2djs416-bpx5-3w33-xls8-yy7zxh3dch99



ANEXO XVI
Índice de memorias técnicas

1. Resumo do proxecto.

2. Excelencia da proposta.

– Descrición dos obxectivos tecnolóxicos do proxecto de maneira xeral e específica. No caso de proxectos en cooperación, deberá especificarse para cada unha das entidades integrantes da agrupación.

– Antecedentes e estado da arte nacional e internacional. Xustificación da novidade que supón con respecto a estes antecedentes. Necesidade de abordar o proxecto.

– Xustificación da viabilidade técnica da proposta.

3. Implementación da proposta.

3.1. Descrición xeral da agrupación.

– Adecuación do proxecto ás actividades e estratexia da/s entidade/s solicitante/s con indicación dos antecedentes. Descrición das capacidades tecnolóxicas, comerciais e produtivas da/s entidade/s solicitante/s que aseguran a viabilidade do desenvolvemento do proxecto. Antecedentes que avalan esta capacidade.

– Xustificación do equilibrio e complementariedade entre as diferentes entidades da agrupación no caso de proxectos en colaboración.

– Xustificación da capacidade técnica dos membros do equipo tendo en conta os seus CV.

3.2. Descrición detallada do plan de traballo do proxecto:

– Identificación e descrición das principais fases/actividades técnicas do proxecto (paquetes de traballo con tarefas e subtareas asociadas) con indicación para cada unha: dos seus obxectivos científico-técnicos específicos, das entidades participantes, dos resultados esperados e do seu orzamento e da integración de tecnoloxías dixitais.

– Cronograma das fases/actividades previstas (Gantt, PERT). Metodoloxía de execución das distintas tarefas e subtareas descritas con indicación da súa interrelación.



No caso da liña 2, deberase describir o novo produto que se vai desenvolver, incluíndo a súa posible integración no sistema produtivo da/s entidade/s solicitante/s. Será necesario, ademais, detallar as normas e homologacións que terá que cumprir e a maneira prevista para conseguilas.

– Descrición da estrutura organizativa do proxecto. Mecanismos de control e seguimento do desenvolvemento das actividades.

– Descrición detallada das tarefas que van desenvolver organismos de I+D+i (centros tecnolóxicos, universidades, etc.) que se subcontraten, acreditando a necesidade desa subcontratación segundo a súa contribución e adecuación aos obxectivos e actuacións do proxecto.

– Descrición detallada da participación de pequenas empresas no proxecto. No caso de participar unha grande empresa deberá xustificarse a capacidade tractora do proxecto sobre pemes.

3.3. Xustificación do orzamento solicitado.

– Xustificación das distintas partidas en que se distribúe o orzamento do proxecto, detallado a nivel de socio no caso de proxectos en colaboración. Descrición dos aparellos e equipamentos de investigación que se van adquirir, dos materiais, das subcontratacións e doutro tipo de colaboracións técnicas, así como dos custos de persoal, xustificando a súa necesidade.

Deberanse describir de maneira detallada aquelas partidas de gasto xa executadas e xustificar a súa necesidade.

– Adecuación do orzamento ao tamaño e capacidade da/s entidade/s solicitante/s. Xustificación da solvencia financeira para asumir a execución do seu orzamento no proxecto.

4. Impacto.

4.1. Impacto tecnolóxico:

– Descrición detallada dos obxectivos de mercado do proxecto.

– Mercado potencial e plan de negocio previsto para a comercialización dos resultados de I+D+i do proxecto. Xustificación da capacidade da/s entidade/s solicitante/s para o seu desenvolvemento.



- Describir o impacto do proxecto na competitividade da/s entidade/s solicitante/s.
- Xustificación do impacto potencial do proxecto en mercados internacionais. Capacidade de internacionalización das empresas derivada do proxecto.
- Plan de continuidade de novos desenvolvementos na/s área/s estratéxica/s a que se orienta o proxecto.
- Plan de xestión da propiedade intelectual e industrial derivado do proxecto. Asignación de dereitos de propiedade sobre os resultados, mecanismos de protección previstos, etc.

4.2. Impacto para facer fronte á pandemia da COVID-19.

- Xustificación da contribución do proxecto:
 - Á recuperación de sectores especialmente afectados pola pandemia.
 - Á recuperación da economía galega, considerando a súa potencial repercusión na transición dixital das pemes nos ámbitos estratéxicos dos hubs de innovación dixital.
 - Sinerxías e complementariedades con outras prioridades da recuperación: transición verde e innovación responsable.

4.3. Impacto socioeconómico.

- Descrición do grao de mobilización do investimento privado derivado do proxecto.
- Descrición da creación de emprego de calidade para o desenvolvemento do proxecto e a derivada del detallando homes e mulleres.





ANEXO XVII

DECLARACIÓN DE RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

- IN852D - SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO EXPERIMENTAL RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 1
- IN852E - SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE INNOVACIÓN EN PRODUTO RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 2

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

MANIFESTA:

Que lle foi concedida unha subvención, ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, e se convocan para 2021 as axudas para proxectos de I+D+i relacionados coa COVID-19 que favorezan a recuperación e a transición dixital das pemes galegas, programa Conecta COVID, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID19, para o proxecto titulado:

TÍTULO DO PROXECTO

por unha contía de euros.


A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de





ANEXO XVIII

SOLICITUDE DE PAGAMENTO ANTICIPADO

- IN852D - SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO EXPERIMENTAL RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 1
- IN852E - SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE INNOVACIÓN EN PRODUTO RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 2

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

MANIFIESTA:

Que o día de de 2021 lle foi concedida unha subvención ao abeiro da Resolución pola que se convocan estas axudas, por unha contía de:

ANO 2021 (€)	ANO 2022 (€)	ANO 2023 (€)	TOTAL (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SOLICITA:

O pagamento anticipado do % do importe da axuda concedida para o ano (art. 31 da convocatoria de axudas)

MOTIVO SOLICITUDE ANTICIPO

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Anexo XIX (no caso da liña 1-IN852D)
- Anexo XX (no caso da liña 2-IN852E)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de 

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: j2djs416-bpx5-3w33-xls8-yy7zxh3dch99

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


ANEXO XIX
DECLARACIÓN DAS AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE OU OS MESMOS CUSTOS E AXUDAS DO MARCO TEMPORAL

IN852D-SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO EXPERIMENTAL RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 1

TÍTULO DO PROXECTO
<input type="text"/>

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (TIPO DE PODER)			
<input type="text"/>			

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu outra axuda para esta mesma finalidade ou os mesmos custos para os cales se solicita esta subvención procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para esta mesma finalidade ou os mesmos custos para os cales se solicita esta subvención procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, que son as que a seguir se relacionan¹:

DATA DA SOLICITUDE	DATA DA CONCESIÓN	ORGANISMO	PROGRAMA / CONVOCATORIA	IMPORTE (€)	TIPO (SUBVENCIÓN, PRÉSTAMO...)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que en relación coas axudas amparadas nos marcos temporais europeos ou nos marcos nacionais temporais para apoiar a economía no contexto do actual brote COVID-19


Non solicitou nin se lle concedeu outra axuda

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas, que son as que a seguir se relacionan¹:

DATA DA SOLICITUDE	DATA DA CONCESIÓN	ORGANISMO	PROGRAMA / CONVOCATORIA	IMPORTE (€)	TIPO (SUBVENCIÓN, PRÉSTAMO...)	DISPOSICIÓN REGULADORA

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

1. Non é necesaria a información relativa ás axudas denegadas



Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: j2djs416-bpx5-3w33-xls8-yy7zxh3dch99




ANEXO XX
DECLARACIÓN DAS AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE OU OS MESMOS CUSTOS E AXUDAS DE MINIMIS

IN852E-SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO EXPERIMENTAL RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 1

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (TIPO DE PODER)			
<input type="text"/>			

TÍTULO DO PROXECTO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu outra axuda para esta mesma finalidade ou os mesmos custos para os cales se solicita esta subvención procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para esta mesma finalidade ou os mesmos custos para os que se solicita esta subvención procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, e son as que a seguir se relacionan¹:

DATA DA SOLICITUDE	DATA DA CONCESIÓN	ORGANISMO	PROGRAMA / CONVOCATORIA	IMPORTE (€)	TIPO (SUBVENCIÓN, PRÉSTAMO...)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que en relación coas axudas de minimis


- Non solicitou nin se lle concedeu outra axuda *de minimis* (Regulamento UE 1407/2013), durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis* (Regulamento UE 1407/2013) durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso, que son as que a seguir se relacionan¹:

DATA DA SOLICITUDE	DATA DA CONCESIÓN	ORGANISMO	PROGRAMA / CONVOCATORIA	IMPORTE (€)	TIPO (SUBVENCIÓN, PRÉSTAMO...)	DISPOSICIÓN REGULADORA

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

1. Non é necesaria a información relativa ás axudas denegadas



Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: j2djs416-bpx5-3w33-xls8-yy7zxxh3dch99




ANEXO XXI
DECLARACIÓN DA DEDICACIÓN DO PERSOAL AO PROXECTO

- IN852D - SUBVENCIONS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO EXPERIMENTAL RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 1
 IN852E - SUBVENCIONS PARA PROXECTOS DE INNOVACIÓN EN PRODUTO RELACIONADA COA COVID-19, LIÑA 2

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

Que o persoal da entidade que se relaciona, cuxo custo está financiado con cargo ás axudas da convocatoria da Axencia Galega de Innovación do programa Conecta COVID non participa noutras actividades/proxectos financiados con axudas procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	NIF	Tipo de persoal

Que o persoal da empresa que se relaciona, cuxo custo está financiado con cargo ás axudas da convocatoria da Axencia Galega de Innovación do programa Conecta COVID, participa noutras actividades/proxectos financiados con axudas procedentes de outra Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, pero a súa dedicación conxuntamente non supera a porcentaxe do 100 % da súa xornada no cómputo anual.

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	NIF	Tipo de persoal	% dedicación ao proxecto	% dedicación outras actividades/proxectos	% Total	Otras actividades/proxectos (programa convocatoria, disposición reguladora)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

 FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL
 "Unha maneira de facer Europa"

Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: j2djs416-bpx5-3w33-xls8-yy7zxxh3dch99


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO XXII

Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e as entidades colaboradoras, Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia e asociación DIH Datalife, para o apoio na xestión da convocatoria para a selección de proxectos no marco do programa Conecta COVID

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Reunidos:

Dunha parte, Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e presidente da Axencia Galega de Innovación (en diante, Gain), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo, e 12/2007, do 27 de xullo, e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro.

Doutra parte, Juan Antonio Lloves Guntín, con NIF 36100892T-T, en nome e representación do hub Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia (NIF G-27877166), na súa calidade de presidente, en virtude de acta fundacional, con capacidade para asinar convenios segundo o artigo 33 dos estatutos da dita entidade.

Doutra parte, Pablo Álvarez Freire, con NIF 52495311-L, en nome e representación do hub Asociación DIH Datalife-Hub de Innovación Dixital Datalife (NIF G-70603063), na súa calidade de presidente, en virtude de Acta fundacional da Asociación, con capacidade para asinar convenios segundo o artigo 23, letra f), dos estatutos da dita entidade.

Ambas as partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e para o efecto

Expoñen:

Primeiro

Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.



A Axencia está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos da Gain lle atribúen, entre outras funcións, as de ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19 do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, a xestión e execución do Plan galego de investigación e innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

Así mesmo, de acordo cos seus estatutos, ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da posta en marcha de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, a Gain, de acordo co artigo 10 dos seus estatutos, poderá cooperar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios de colaboración.

Segundo

A Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia) define o marco para as políticas de investigación e innovación supeditando as prioridades de investimento a tres retos. Cada un destes retos ten asociadas unha serie de prioridades e liñas de acción específicas, aliñadas cos obxectivos e principais programas de innovación nacionais e europeos, entre os cales cabe destacar as respectivas axendas dixitais e o programa H2020.

Considerando este contexto, a Xunta de Galicia, de forma coherente e coordinada coas orientacións en materia de dixitalización e especialización intelixente da Comisión Europea, aposta por un modelo de hubs de innovación dixital que lle permitan á pequena e mediana empresa innovar a través das novas tecnoloxías, logrando ser así máis competitivas e gañar en tamaño. Así, a través de dinámicas de colaboración público-privada que agrupen e articulen de forma aberta todos os axentes do ecosistema de I+D+i en ámbitos estratéxicos para Galicia, búscase mellorar a competitividade da economía galega.



Os hubs de innovación dixital son estruturas funcionais de soporte que axudan as empresas para ser máis competitivas, a mellorar os seus procesos comerciais/de produción, así como os seus produtos e servizos a través das tecnoloxías dixitais.

Os hubs de innovación dixital permiten aliñar máis eficientemente o coñecemento coas necesidades do tecido empresarial e os mercados, facilitalle á industria o acceso a diferentes servizos de innovación que posibilitan unha adecuada integración de tecnoloxías emerxentes na súa estratexia de negocio. O enfoque tecnolóxico dos hubs de innovación dixital debe cubrir de forma prioritaria tecnoloxías que presenten un potencial importante para a industria, pero cunha taxa de penetración actual limitada.

Terceiro

Que a Gain ten previsto publicar proximamente as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de axudas para proxectos de I+D+i relacionados coa COVID-19 que favorezan a recuperación e a transición dixital das pemes galegas (programa Conecta COVID), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19. Estas axudas están dentro do marco da RIS3 Galicia.

Cuarto

Que o hub Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia (NIF G-27877166), constituído o 28 de novembro de 2019, é unha entidade sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar.

Que o hub Asociación DIH Datalife-Hub de Innovación Dixital Datalife (NIF G-70603063), constituído o 31 de outubro de 2019, é unha entidade sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar.

Quinto

Que segundo a Resolución do 5 de abril de 2019 (DOG do 3 de maio de 2019), os hubs Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia e Asociación DIH Datalife resultaron seleccionados na convocatoria (Resolución do 4 de decembro de 2018, publicada no DOG do 18 de decembro) para a selección de proxectos de hubs de innovación dixital que contribúan ao avance da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), recoñendo así o seu carácter estratéxico no marco da RIS3 Galicia.

Que o 16 de decembro de 2019 os hubs Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia e Asociación DIH Datalife asinaron cadanseu convenio de colaboración coa



Gain para o financiamento das actuacións necesarias para a creación, definición, planificación e posta en marcha do hub de innovación dixital. A distribución do orzamento nas anualidades 2019 e 2020 deses convenios foi modificada nas respectivas addendas asinadas, en ambos os dous casos, o 31 de decembro de 2019.

Sexto

Que a selección dos hubs Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia e Asociación DIH Datalife na convocatoria sinalada no punto anterior implica o recoñecemento do seu carácter estratéxico por parte da Administración galega e, polo tanto, permite a súa participación como entidade colaboradora apoiando a GAIN na xestión da convocatoria para a selección de proxectos no marco do programa Conecta COVID.

Ambas as entidades xa participan como entidades colaboradoras no programa Conecta hub da Axencia Galega de Innovación.

Sétimo

Que as partes consideran que, co fin de asegurar a idoneidade destas axudas coa integración eficiente das tecnoloxías dixitais ao abeiro do modelo de especialización intelixente de Galicia, optimizando, pola súa vez, a contribución dos proxectos que se financien á transformación dixital das pemes galegas para avanzar na recuperación económica; e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

Cláusulas:

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións da colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia e a Asociación DIH Datalife para a participación dos hubs asinantes, como entidades colaboradoras, apoiando a Gain na xestión da convocatoria para a selección de proxectos no marco do programa Conecta COVID.

Segunda. *Entidades colaboradoras*

Os hubs Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia e Asociación DIH Datalife actuarán como entidades colaboradoras, segundo o disposto no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, apoiando a Gain na xestión da



convocatoria para a selección de proxectos no marco do programa Conecta COVID. O obxectivo desta actuación é impulsar o papel dos hubs como axentes articuladores do Sistema galego de innovación, continuando co labor iniciado no programa Conecta hub, asegurando a coherencia dos apoios aos proxectos do programa Conecta COVID coas tecnoloxías dixitais ao abeiro do modelo de especialización intelixente de Galicia e a maximización a súa contribución á transformación dixital das pemes galegas para preparar unha recuperación dixital da economía galega.

Terceira. Descrición da participación como entidades colaboradoras

A participación, como entidades colaboradoras, da Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia e da Asociación DIH Datalife no programa Conecta COVID será efectiva nos ámbitos que se indican a continuación:

- Colaborando coa Gain na xestión da convocatoria para a selección de proxectos no marco do programa Conecta COVID. Esta actuación intégrase tamén no marco de traballo compartido ao abeiro dos respectivos convenios xa asinados coa Gain para optimizar o impacto do financiamento público ao supervisar a coherencia das propostas financiadas na convocatoria do programa Conecta COVID cos obxectivos estratéxicos e o Plan de explotación dos hubs.

- Colaborando coas empresas participantes na resolución de dúbidas que poidan ter en relación cos obxectivos, tecnoloxías e co desenvolvemento dos hubs.

- Difundindo a convocatoria e os seus resultados como entidade facilitadora próxima ao tecido produtivo.

Os hubs Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia e Asociación DIH Datalife emitirán os seguintes informes:

- Fase de selección de proxectos:

- O sentido do informe versará sobre a idoneidade ou a non idoneidade do proxecto en relación:

- Coa integración eficiente no plan de traballo do proxecto das tecnoloxías dixitais en que os hubs están especializados.



– Coa súa potencial contribución á transformación dixital das pemes galegas no seus ámbitos estratéxicos, así como a súa contribución a preparar unha recuperación dixital da economía galega.

– O informe solicitado deberá ser presentado no prazo de 20 días naturais, preceptivo pero non vinculante para a Administración.

– Sen prexuízo do anterior, a GAIN poderá solicitar toda documentación aclaratoria respecto dos informes emitidos, así como solicitar unha ampliación dos argumentos contidos nos informes, ou formular calquera dúbida necesaria para poder levar a cabo a avaliación dos proxectos.

• Fase de seguimento dos proxectos financiados: cada hub emitirá os informes individuais dos proxectos financiados que lle sexan asignados en relación coa coherencia do desenvolvemento de cada proxecto cos aspectos antes citados.

Cuarta. *Obrigas de cada entidade colaboradora*

Cada entidade colaboradora obrígase, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao seguinte:

a) Redactar os informes e cumprir os demais aspectos da colaboración que se establecen nas cláusulas deste convenio e que se poderán concretar nas respectivas bases reguladoras e convocatoria do programa Conecta COVID.

b) Divulgar o programa Conecta COVID da Gain e dar publicidade á iniciativa mediante anuncios indicativos e visibles na páxina web, onde consten con notoriedade os logotipos da Xunta de Galicia e da GAIN.

c) Difundir os resultados dos proxectos que se desenvolvan no marco do programa Conecta COVID.

d) Presentar a documentación que a Gain considere necesaria para a correcta xestión e seguimento da convocatoria.

e) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



g) Subministrar toda a información necesaria para que a Gain poida dar cumprimento ás obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da dita lei.

h) Dar consentimento expreso á Gain para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ao presente convenio.

i) Consentir expresamente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre a entidade colaboradora e a Gain nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

j) Presentar a Gain unha declaración individual de confidencialidade e ausencia de conflito de intereses (segundo o modelo do anexo I) de cada persoa que vaia participar nas actuacións que se desenvolven no marco deste convenio.

Quinta. *Financiamento*

As actuacións desenvolvidas no marco deste convenio non xerarán nin darán lugar a ningunha clase de contraprestación económica entre as entidades asinantes.

Sexta. *Compromisos de cada entidade colaboradora previos á sinatura do convenio*

Presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora consideradas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Presentar as declaracións individuais de confidencialidade e ausencia de conflito de intereses establecidas na letra h) da cláusula cuarta deste convenio. Se despois da sinatura do convenio se incorpora algunha persoa máis ao equipo que terá acceso á información e documentación enviada pola Gain, o hub deberalle enviar á Gain a correspondente declaración antes de que esa persoa teña acceso á referida información e/ou documentación.

- Presentar os obxectivos estratéxicos e os retos específicos.

- Cada hub deberá publicar na súa páxina web os seus obxectivos e tecnoloxías estratéxicas e os retos específicos.



Sétima. Seguimento e evolución

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Gain e un representante de cada entidade colaboradora designados para tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do convenio. Para garantir un correcto seguimento, a Comisión realizará as reunións que sexan necesarias para garantir o correcto desenvolvemento da convocatoria.
2. Propor solucións aos conflitos que puidesen xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas.
3. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión poderá reunirse as veces que sexan precisas por solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta comisión rexerese en canto á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados, regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo establecido sen que se desenvolvan as actividades previstas.
- O mutuo acordo das partes.

Novena. Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

Cada entidade colaboradora do presente convenio consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Gain



e no *Diario Oficial de Galicia*, coas excepcións previstas no artigo 15.2.d) da Lei 1/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte de cada entidade colaboradora para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 5 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos en materia de información sobre convenios, e co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décima. *Inexistencia de relación laboral*

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades deste e a Gain, de maneira que non se lle poderá exixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo primeira. *Vixencia*

O presente convenio de colaboración estará en vigor desde o momento da súa sinatura e estará vixente durante o mesmo período de duración que o dos proxectos que resulten seleccionados na convocatoria Conecta COVID.

Décimo segunda. *Natureza xurídica e resolución de conflitos*

Este convenio terá carácter administrativo e rexeráse polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicaráselle o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e pola restante normativa que, de ser o caso, resulte de aplicación.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por triplicado exemplar no lugar e na data indicados no encabezamento.

Pola Axencia Galega de Innovación
Francisco José Conde López

Pola Asociación para la Digitalización de la
Industria de Galicia
Juan Antonio Lloves Guntín

Pola Asociación DIH Datalife
Pablo Álvarez Freire



ANEXO I

Declaración de confidencialidade e ausencia de conflito de intereses para a participación, como parte da entidade colaboradora,
No programa Conecta COVID

....., con DNI nº

DECLARO:

• Que coñezo que a documentación que me facilitará a Gain, a través do hub, para a realización das actividades indicadas nas cláusulas do convenio suscrito entre a dita entidade e a Axencia Galega de Innovación, ten carácter confidencial.

• Que me comprometo a manter e gardar a máis absoluta confidencialidade, segredo profesional e reserva de todos os datos e información intercambiada, así como da documentación derivada que puidese xerarse; a utilízala única e exclusivamente para os efectos de desempeñar as tarefas atribuídas ao hub como entidade colaboradora no programa Conecta COVID, todo iso de conformidade co establecido nas cláusulas do Convenio suscrito entre a devandita entidade e a Axencia Galega de Innovación.

• Que, en caso de cesión ou acceso por terceiros, comprométome a informar do carácter confidencial da información cedida/accedida e das medidas e implicacións desta cualificación.

• Que non estou incurso nunha situación de conflito de intereses nin teño ningún tipo de incompatibilidade para analizar a información e a documentación que me sexa asignada.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

SINATURA:

